

15.11.01

“Airiños de Fene” gravará o seu primeiro disco nos estudios de Milladoiro

Redacción • Ferrol

Despois dun par de aplazamentos, o vindeiro sábado a agrupación “Airiños de Fene” comeza a gravación do que será o seu primeiro traballo discográfico despois de case quince anos de existencia. O traballo levarase a cabo ao longo de seis meses nos estudios Cormorán, que o coñecido grupo Milladoiro posúe na localidade de Padrón. Este primeiro disco de “Airiños de Fene” estará dirixi-

do polo seu responsable, Miguel Doval, e contará como técnico de gravación a Tasende, habitual nos discos de Milladoiro e Rodrigo Romaní. A idea da formación fenesa é a de ir gravando os temas “con calma” durante o vindeiro medio ano, para ter o traballo listo para o próximo verán. O disco incluírá unha dúcia de pezas, unha de cantareiras, outra de cantareiros e unhas dez da banda, e a portada será obra do artista e músico Rubén Rodríguez.